

# OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

## PLAN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS ODS, 2021-2024



San Sadurniño  
[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)



de cooperación e solidariedade



AXENDA  
2030

## ÍNDICE

	<i>páxina</i>
<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	2
<b>2. PLAN DE ACCIÓN</b> .....	4
<b>2.1. Ámbito social, igualdade e inclusión (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)</b> .....	7
<b>2.2. Ámbito ambiental (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)</b> .....	9
<b>2.3. Ámbito económico e produtivo (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)</b> .....	11
<b>2.4. Gobernanza e calidade democrática (ODS 16)</b> .....	14
<b>2.5. Alianzas (ODS 17)</b> .....	15
<b>2.6. Accións transversais: difusión e comunicación da Axenda 2030</b> .....	16
<b>3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b> .....	17
<b>ANEXOS</b> .....	18

## 1. INTRODUCCIÓN

Este documento ten por obxecto recompilar as liñas de acción prioritarias a levar a cabo polo Concello de San Sadurniño nos próximos tres anos, vinculadas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.

Segundo o previsto no deseño deste estudo, unha vez finalizadas as fases secuenciais de recollida de información e análise da situación estrutural do municipio, preséntase a continuación un plan de acción orientado a acadar certos obxectivos vinculados aos ODS. Este plan elabórase a partir da análise da información obtida previamente, polo que os seus obxectivos, medidas e actuacións están fundamentadas na situación real do concello e, polo tanto, constitúen unha guía de acción adaptada e específica para San Sadurniño.

Así, nunha primeira fase acudiuse a fontes oficiais que alimentaron a análise cuantitativa da situación actual e as tendencias socio-demográficas, económicas e ambientais de San Sadurniño. Posteriormente recorreuse a fontes de información primaria utilizando ferramentas cualitativas. Deste xeito, realizáronse entrevistas en profundidade ao persoal técnico do Concello cun dobre obxectivo: contrastar a análise cuantitativa e recoller información de calidade sobre as liñas desenvolvidas nos últimos anos, así como a situación actual destas.



A partir da análise desta información realizáronse dúas mesas de traballo con outros actores relevantes do municipio, incluíndo á oposición política e ás entidades alleas ao Concello pero que realizan a súa actividade no seu termo municipal. Este enfoque multiactor permitiu contrastar ideas e valoracións sobre as actuacións levadas a cabo con anterioridade e sobre as liñas a seguir nos vindeiros anos. O procedemento de validación e contraste con axentes alleos á estrutura do Concello enriqueceu o proceso de definición de obxectivos, medidas e actuacións a implementar, polo que o plan de acción que se detalla a continuación conta cun grao de consenso notablemente elevado e resulta unha aposta conxunta das distintas entidades que conforman o tecido asociativo de San Sadurniño e as institucións públicas municipais.

Neste punto cabe sinalar tamén as dificultades asociadas á actual situación sanitaria que motivou que as mesas de traballo se realizasen de xeito virtual, véndose certamente minguada a participación das entidades identificadas e convocadas, en senso tanto cuantitativo como cualitativo. Non obstante, as entidades que si asistiron participaron de forma activa e propositiva (o que resulta de gran importancia) e a información proporcionada fundamenta as liñas propostas nos tres ámbitos principais de aplicación dos ODS: social, ambiental e económico.

A continuación preséntase o ***Plan de Implementación Municipal dos ODS para San Sadurniño***, nutrido a partir da análise realizada nas etapas mencionadas anteriormente, e que está conformado por 5 áreas, 7 obxectivos, 15 medidas e un total de 60 actuacións concretas a desenvolver no curto-medio prazo. Ademais, inclúese un apartado final vinculado á difusión e comunicación da Axenda 2030 entre a cidadanía do municipio, entendido este como eixo transversal do plan.

## 2. PLAN DE ACCIÓN

### RESUMO DO PLAN DE ACCIÓN

#### ÁREA 1. ÁMBITO SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

**OBXECTIVOS:** 2

**MEDIDAS:** 4

**ACTUACIÓNS:** 19

#### ÁREA 2. ÁMBITO AMBIENTAL (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

**OBXECTIVOS:** 1

**MEDIDAS:** 3

**ACTUACIÓNS:** 11

#### ÁREA 3. ÁMBITO ECONÓMICO E PRODUTIVO (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

**OBXECTIVOS:** 2

**MEDIDAS:** 4

**ACTUACIÓNS:** 18

#### ÁREA 4. GOBERNANZA E CALIDADE DEMOCRÁTICA (ODS 16)

**OBXECTIVOS:** 1

**MEDIDAS:** 2

**ACTUACIÓNS:** 9

#### ÁREA 5. ALIANZAS (ODS 17)

**OBXECTIVOS:** 1

**MEDIDAS:** 2

**ACTUACIÓNS:** 9

#### TOTAL

5 ÁREAS

7 OBXECTIVOS

15 MEDIDAS

66 ACTUACIÓNS

## ÁREA 1. Ámbito social, igualdade e inclusión (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
<b>O1. Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades.</b>	M1. Fortalecemento da área de Servizos Sociais municipais
	M2. Mantemento e reforzo do programa de actividades municipais para a cidadanía
<b>O2. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento feminino a todos os niveis.</b>	M3. Deseño e implantación efectiva do IV PIOM Municipal
	M4. Fomento do empoderamento das mulleres do municipio

## ÁREA 2. Ámbito ambiental (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
<b>O3. Fortalecer a xestión sostible dos recursos naturais municipais.</b>	M5. Mellora paulatina do acceso a servizos de saneamento e abastecemento adecuados e equitativos para todas as persoas do municipio
	M6. Fomento dun modelo de consumo que reduza a xeración de residuos e mellore o sistema de xestión dos mesmos
	M7. Fortalecemento da acción municipal en materia medioambiental

### ÁREA 3. Ámbito económico e produtivo (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
<b>O4. Promover o crecemento económico de San Sadurniño de xeito sustentable e inclusivo.</b>	M8. Accións orientadas ao fortalecemento do tecido produtivo, á creación de postos de traballo decentes e ao fomento do emprendemento
	M9. Accións orientadas a promover un turismo sostible que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
<b>O5. Mellorar a calidade de vida da poboación de San Sadurniño apostando por un municipio inclusivo, seguro, resiliente e sustentable.</b>	M10. Mellora da mobilidade e da accesibilidade no municipio
	M11. Mellora do acceso a servizos básicos

### ÁREA 4. Gobernanza e calidade democrática (ODS 16)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
<b>O6. Mellorar a gobernanza e a calidade democrática da acción municipal.</b>	M12. Fomento dunha xestión pública local áxil e eficaz
	M13. Mellora da política de transparencia do Concello

### ÁREA 5. Alianzas (ODS 17)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
<b>O7. Crear alianzas multi-actor con outras entidades da comarca (públicas e privadas).</b>	M14. Consolidación das alianzas municipais xa existentes e xeración de novas relacións inter-municipais para a execución das liñas de acción vinculadas co desenvolvemento humano sostible
	M15. Conformación de alianzas co tecido asociativo local para o deseño e execución de liñas de acción de xeito coordinado

## ÁREA 1. ÁMBITO SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

### OBXECTIVO 1. Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M1. Fortalecemento da área de Servizos Sociais municipais</b>	A1. Renovación e actualización do Plan Comunitario de Servizos Sociais 2011-2015 (plan de acción ben elaborado mais caduco) para adaptarse ás novas realidades	· Documento de actualización do Plan aprobado	1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.b, 10.1
	A2. Ampliación da cobertura do SAF municipal e deseño de ferramentas de identificación de necesidades	· Número de novas necesidades detectadas · Redución do número de persoas en lista de agarda	1.3, 1.4, 5.4, 10.2, 10.3
	A3. Deseño e implantación dun plan municipal de accesibilidade	· Informe de necesidades detectadas · Documento do plan · Informes de estado de avances	1.4, 11.1, 11.2, 11.3
	A4. Definición dun mecanismo de detección, apoio e seguimento de persoas en situación de pobreza no municipio	· Documento de aprobación do procedemento · Nº de persoas identificadas anualmente · Orzamento anual dedicado a esta liña	1.2, 1.3, 1.4, 1.b
<b>M2. Mantemento e reforzo do programa de actividades municipais para a cidadanía</b>	A5. Consolidación do programa de actividades descentralizado para as persoas maiores: Ximnasia de Mantemento e obradoiros de Memoria Activa	· Nº de actividades anuais · Nº de persoas participantes por actividade · Nº de espazos de realización de actividades	3.4, 11.1, 11.7
	A6. Fomentar a implantación de actividades de carácter interxeracional para reforzar os vínculos entre a mocidade e as persoas adultas maiores	· Nº de actividades anuais · Nº de persoas participantes por actividade e idade	4.7, 4.a, 10.2
	A7. Centralización das actividades dirixidas a nenas, nenos e mocidade para facilitar e aumentar a súa participación	· Nº de actividades segundo espazo de impartición · Nº de participantes segundo actividade · Análise da evolución anual da participación	3.5, 4.2, 4.7, 4.a, 5.1
	A8. Deseño e implantación dunha programación anual conxunta de actividades educativas (Concello - tecido asociativo - centro escolar), atendendo ás necesidades identificadas previamente e con especial incidencia nos últimos cursos da ESO	· Programación anual das formacións · Nº de entidades organizadoras participantes · Documento de detección de necesidades (e actualizacións anuais)	
	A9. Deseño de actuacións de fomento do asociacionismo para a mocidade	· Nº de actividades realizadas · Nº de asociacións xuvenís activas · Nº de persoas socias das asociacións xuvenís	5.5, 11.a, 16.7, 17.17



**OBXECTIVO 2. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento feminino a todos os niveis**

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M3. Deseño e implantación efectiva do IV PIOM Municipal</b>	A10. Avaliación do III PIOM do Concello de San Sadurniño	· Documento de avaliación	5.1, 5.2, 5.4, 5.5, 5.c, 10.3
	A11. Deseño e aprobación do IV PIOM municipal, aliñando as súas accións cos ODS	· Documento do novo PIOM · Acta de aprobación polo pleno municipal	
	A12. Creación dunha comisión de coordinación do PIOM no seo do Concello	· Acta de creación da comisión · Bases de funcionamento da comisión	
	A13. Implementación dun plan de seguimento e avaliación do PIOM	· Nº de actividades do PIOM realizadas · Actualización do sistema de seguimento · Nº de persoas do Concello que se implican na execución do PIOM	
<b>M4. Fomento do empoderamento das mulleres do municipio</b>	A14. Fortalecemento do programa de adquisición de competencias básicas dixitais para mulleres no eido rural	· Nº de actividades formativas · Nº de mulleres formadas · Nº de temáticas ofertadas	4.3, 4.4, 5.1, 5.b
	A15. Fomento da creación de espazos de encontro e empoderamento das mulleres do municipio	· Nº de encontros de mulleres organizados · Nº de mulleres participantes segundo idade	5.1, 5.4, 5.5
	A16. Deseño dun programa de actividades formativas para as mulleres adultas do municipio con enfoque de xénero	· Nº de formacións impartidas segundo temática · Nº de mulleres participantes	4.4, 5.1, 5.c
	A17. Reforzo da oferta de actividades formativas e de sensibilización vinculadas coa igualdade e a diversidade para a cidadanía en xeral	· Nº de accións de sensibilización anuais segundo público obxectivo · Nº de materiais de difusión elaborados · Memorias de impacto das accións con indicación de alcance (online e offline)	4.7, 5.1
	A18. Mantemento da mesa institucional contra a violencia de xénero activa	· Nº de reunións anuais · Nº de persoas / entidades participante · Nº de actuacións posta en marcha desde a mesa	5.1, 5.2,
	A19. Mantemento e fortalecemento da transversalización do enfoque de xénero na programación xeral do Concello (deportes, cultura, TIC,...)	· Informes de seguimento con enfoque de xénero das accións realizadas	5.c

## ÁREA 2. ÁMBITO AMBIENTAL (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

### OBXECTIVO 3. Fortalecer a xestión sostible dos recursos naturais municipais

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M5. Mellora paulatina do acceso a servizos de saneamento e abastecemento adecuados e equitativos para todas as persoas do municipio</b>	A20. Elaboración dun plan de mellora do saneamento e abastecemento de auga municipal	· Documento do plan	6.1, 6.2, 6.3, 6.5. 6b
	A21. Fomento da participación e implicación da sociedade civil na mellora da xestión da auga e o saneamento	· Nº de encontros coa sociedade civil · Nº de entidades / persoas participantes · Nº de accións con axentes da sociedade civil con rol de responsabilidade · Nº de propostas da sociedade civil presentadas e implementadas	
	A22. Mellora da calidade da auga reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar mediante a obrigatoriedade do envorcado do material procedente dos pozos negros particulares nas depuradoras	· Análise da calidade da auga · Nº de pozos negros que empregan a depuradora · Normativa aprobada	
<b>M6. Fomento dun modelo de consumo que reduza a xeración de residuos e mellore o sistema de xestión dos mesmos</b>	A23. Incremento do número de puntos de recollida selectiva progresivamente no Concello	· Evolución anual do nº de puntos de recollida · Evolución anual da cantidade de residuos recollidos segundo tipo	12.4, 12.5
	A24. Continuar coas campañas de sensibilización dirixidas á poboación xeral en materia de recollida selectiva e nas 3 "R"	· Nº de campañas anuais segundo temática e público obxectivo · Nº de materiais de difusión elaborados · Memorias de impacto das accións con indicación de alcance (online e offline)	12.5, 12.8
	A25. Creación dun programa de sensibilización para nenas, nenos e adolescentes orientado ao fomento do consumo responsable	· Documento da programación · Nº de accións executadas · Nº de alumnado participante · Nº de entidades colaboradoras participantes	12.8, 12.a, 4.7
	A26. Reforzo e extensión do Programa Porta a Porta	· Porcentaxe de aumento da cobertura do programa	11.6, 12.4, 12.5, 12.8
	A27. Fortalecemento dun programa de compostaxe doméstico ou comunitario	· Porcentaxe de aumento da cobertura do programa	12.2, 12.5, 12.8

<b>M7. Fortalecemento da acción municipal en materia medioambiental</b>	A28. Elaboración e difusión entre o persoal do Concello dun protocolo de prácticas de adquisición pública sostible	· Protocolo elaborado · Nº de persoas que coñecen o protocolo	12.7
	A29. Potenciación e difusión do Plan PACES e o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sustentable	· Nº de accións de difusión anuais vinculadas ao PACES	13.1, 13.2, 13.a, 13.b, 11.b, 12.2
	A30. Aproveitamento das potencialidades do Arboredo Galego na difusión e promoción da xestión botánica sostible (por exemplo, cun programa de actividades formativo-educativo)	· Nº de actividades organizadas · Nº persoas participantes	12.8, 13.3

### ÁREA 3. ÁMBITO ECONÓMICO E PRODUTIVO (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

#### OBXECTIVO 4. Promover o crecemento económico de San Sadurniño de xeito sustentable e inclusivo

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M8. Accións orientadas ao fortalecemento do tecido produtivo, á creación de postos de traballo decentes e ao fomento do emprendemento</b>	A31. Fortalecemento do Centro de Empresas municipal a través da mellora e ampliación dos servizos ofertados e do fomento do seu uso como espazo de encontro para empresas, persoas emprendedoras e en busca de emprego	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de servizos ofertados</li> <li>· Nº de empresas ubicadas</li> <li>· Nº de actividades realizadas no centro</li> <li>· Nº de persoas / empresas participantes nas actividades</li> </ul>	8.2, 8.3, 8.5, 8.b
	A32. Reforzo da área de orientación laboral e emprendemento do Concello	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de persoas contratadas na área</li> <li>· Nº de persoas atendidas desde a área</li> <li>· Nº de accións anuais desenvoltas desde a área</li> </ul>	8.5, 8.6, 8.8, 8.b, 17.14, 17.17
	A33. Incentivar a creación dunha rede de comercio local diversa e ampla que fomenta o xurdimento de sinerxías entre o tecido económico do municipio	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Acta de conformación da rede</li> <li>· Nº de entidades adheridas á rede</li> </ul>	8.3, 11.a, 17.17
	A34. Deseño dunha campaña de fomento do consumo local orientada á cidadanía en xeral	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Memoria da campaña</li> <li>· Materiais elaborados para a campaña</li> <li>· Público obxectivo impactado coa campaña</li> </ul>	4.7, 8.3
	A35. Mantemento do impulso ao Centro de Transformación Alimentaria Comarcal (Moeche), tanto na súa apertura como no período de inicio do seu funcionamento real	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Informes de actividades da participación do Concello na posta en marcha do Centro</li> </ul>	8.2, 8.3, 8.5, 8.b, 9.1, 9.2, 17.16, 1.7.17
	A36. Apoio ao xurdimento de iniciativas produtivas viables no sector agrario, gandeiro e forestal a través do Centro de Transformación Alimentaria Comarcal (Moeche)	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de produtoras/es que empregan a planta de procesamento para autoconsumo</li> <li>· Nº de produtores/as que empregan a planta de procesamento para elaboración e comercialización de produtos</li> <li>· Avances na conformación dunha cooperativa de pequenos e pequenas produtoras</li> </ul>	8.2, 8.3, 8.4, 8.5, 9.1, 9.2

<b>M9. Accións orientadas a promover un turismo sostible que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais</b>	A37. Organización de actividades de cata durante a feira anual cos produtos locais representativos (tanto para persoas visitantes como locais)	· Nº de actividades realizadas · Nº de produtoras/es locais participantes	8.2, 8.3, 8.4, 8.9
	A38. Creación dun mecanismo que aglutine ao tecido asociativo municipal para fomentar a coordinación e as sinerxías na organización de actividades para visitantes	· Memoria dos pasos implementados · Nº de actividades organizadas de xeito conxunto	11.a, 16.7, 17.17
	A39. Creación de alianzas para a organización de rutas compartidas no marco do proxecto Xeoparque Cabo Ortegal	· Actas de conformación de alianzas · Accións desenvoltas de xeito conxunto	8.9, 9.1, 15.4, 15.6, 15.9, 17.17
	A40. Colocación de paneis ou centros de interpretación (sinxelos e non invasores) nos lugares de interese con información sobre o valor xeolóxico da zona e as distintas especies que habitan o ecosistema	· Memoria de actuacións · Nº de puntos sinalizados	8.9, 9.1, 11.4, 11.a

**OBXECTIVO 5: Mellorar a calidade de vida da poboación de San Sadurniño apostando por un municipio inclusivo, seguro, resiliente e sustentable**

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M10. Mellora da mobilidade e da accesibilidade no municipio</b>	A41. Redución de barreiras arquitectónicas nos edificios municipais	· Nº de obras ou melloras	11.2, 11.3, 11.b
	A42. Fomento dun transporte accesible coa implantación dun bono-taxi, reducindo así o número de vehículos que circulan polo concello	· Nº de persoas usuarias do bono-taxi · Partida orzamentaria anual	11.1, 11.2, 11.6, 11.b, 13.2
	A43. Recuperación e adecuación dos camiños tradicionais	· Nº de obras de mellora · Nº de camiños recuperados ou acondicionados	9.1, 11.1, 11.2, 11.3, 11.4, 11.7

<b>M11. Mellora do acceso a servizos básicos</b>	A44. Execución dun plan de rehabilitación municipal de vivendas e espazos públicos	· Aprobación do plan	11.3, 11.6
	A45. Aumento significativo do acceso ás TIC e esforzo por fomentar un acceso universal e de calidade a Internet	· Nivel de cobertura da poboación a Internet e fibra · Nº de puntos wifi públicos	9.c
	A46. Mellora e adaptación do núcleo urbano desde o enfoque do placemaking para revitalizalo e convertelo nun espazo con acceso a servizos, atractivo, cómodo e conectado	· Plan de mellora desde o enfoque placemaking · Nº de obras de mellora realizadas	11.1, 11.3, 11.7
	A47. Deseño e implantación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aliñando cos ODS	· Aprobación do plan	11.3, 11.7
	A48. Apoio á recuperación e conservación do patrimonio histórico e deseño dun programa de dinamización dos espazos recuperados	· Nº de espazos recuperados anualmente · Nº de accións de conservación · Actividades de dinamización realizadas anualmente	11.4

## ÁREA 4. GOBERNANZA E CALIDADE DEMOCRÁTICA (ODS 16)

### OBXECTIVO 6. Mellorar a gobernanza e a calidade democrática da acción municipal

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M12. Fomento dunha xestión pública local áxil e eficaz</b>	A49. Implantación total da Administración Electrónica para a xestión de expedientes	· Expedientes tramitados de xeito electrónico	16.6, 16.10
	A50. Programa de formación e actualización para o persoal do Concello en materia de Administración Electrónica	· Nº de formacións · Nº de persoas participantes	16.6
	A51. Fortalecemento das competencias dixitais (sede electrónica) da poboación xeral a través dun programa de formación e difusión das ferramentas	· Nº de formacións · Nº de persoas participantes · Nº de persoas atendidas para a realización de trámites virtuais	16.3, 16.7, 9.c
	A52. Actualización do manual de xestión de procedementos do Concello	· Manual actualizado	16.7, 16.10, 16.b
	A53. Inclusión de novas cláusulas sociais e sostibles nos procesos de compra pública aliñadas cos ODS	· Nº e tipo de cláusulas engadidas · Nº de procedementos que inclúan estas cláusulas	12.7, 16.7, 16.10, 16.b
	A54. Implementación dun plan de seguimento do impacto do plan de ODS municipal	· Conformación dunha comisión de seguimento · Nº de reunións mantidas · Nº de actualizacións / modificacións aprobadas	16.7, 16.10, 16.b, 17.14
<b>M13. Mellora da política de transparencia do Concello</b>	A55. Implantación efectiva e actualizada do Portal de Transparencia do Concello	· Portal de transparencia activo e actualizado	16.6, 16.10
	A56. Mellora e fortalecemento do mecanismo de participación veciñal no proceso de orzamentos participativos	· Nº de persoas / entidades que participan no proceso · Nº de medidas aprobadas con orzamentos participativos	16.7, 17.17, 5.5
	A57. Mantemento da canle de comunicación coa cidadanía "Boletín Informativo NOVAS", incluíndo información sobre a Axenda 2030 e visibilizando o vínculo das accións municipais na consecución dos ODS	· Nº de boletíns elaborados · Poboación que recibe os boletíns · Nº de novas vinculadas aos ODS	16.6, 16.10

## ÁREA 5. ALIANZAS (ODS 17)

### OBXECTIVO 7. Crear alianzas multi-actor con outras entidades da comarca (públicas e privadas)

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
<b>M14. Consolidación das alianzas municipais xa existentes e xeración de novas relacións inter-municipais para a execución das liñas de acción vinculadas co desenvolvemento humano sostible</b>	A58. Consolidación da participación do Concello no grupo promotor do proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal	· Informes de actividades da participación do Concello no proxecto do Xeoparque	17.14, 17.16, 17.17
	A59. Mantemento da forte presenza do Concello no consorcio de posta en marcha do Centro de Transformación Alimentaria Comarcal (Moeche)	· Informes de actividades da participación do Concello na posta en marcha do Centro	
	A60. Busca de alianzas e financiamento para aumentar o impacto da marca de turismo sostible de San Sadurniño	· Actas de conformación de alianzas · Accións desenvolvidas de xeito conxunto · Orzamento acadado para esta liña	
	A61. Busca de alianzas inter-municipais para a contratación de persoal para a área de orientación laboral e emprendemento (contratación conxunta entre varios Concellos)	· Actas de conformación de alianzas · Accións desenvolvidas de xeito conxunto nesta área	
	A62. Formalización de alianzas con diferentes actores da comarca para mellorar e ampliar o servizo de recollida de residuos municipal	· Actas de conformación de alianzas · Accións desenvolvidas de xeito conxunto · Cobertura da recollida selectiva de residuos	
	A63. Mantemento do apoio ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	· Pago de cotas anuais · Nº de accións anuais en colaboración co Fondo	
<b>M15. Conformación de alianzas co tecido asociativo local para o deseño e execución de liñas de acción de xeito coordinado</b>	A64. Deseño dun programa de fomento e fortalecemento do tecido asociativo municipal tendo en conta as súas necesidades e demandas	· Programación anual · Nº de accións executadas · Nº de entidades participantes	17.14, 17.17, 16.7
	A65. Deseño dunha campaña de fomento da participación activa da mocidade na vida pública do concello	· Memoria da campaña · Materiais elaborados para a campaña · Público obxectivo impactado coa campaña · Nº de asociacións locais de xente nova · Nº de persoas socias das asociacións locais segundo idade	
	A66. Creación de espazos de encontro estables entre o tecido asociativo local para compartir aprendizaxes e boas prácticas	· Nº de encontros celebrados · Nº de entidades participantes · Nº accións postas en marcha de xeito conxunto	



## ACCIÓNS TRANSVERSAIS: DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DA AXENDA 2030

Por último, dada a importancia de aumentar o coñecemento da cidadanía no seu conxunto sobre a Axenda 2030 e a vinculación real dos ODS co eido local, cabe engadir neste Plan de Acción un apartado específico que propón un conxunto de accións transversais (AT) enfocadas á difusión e comunicación da Axenda 2030 no municipio.

### **OBXECTIVO: Dar a coñecer a Axenda 2020 entre o conxunto da cidadanía do municipio**

ACTUACIÓNS	INDICADORES
AT1. Formar ao persoal laboral e político do Concello en materia de Axenda 2030 e ODS	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de accións formativas por ano</li> <li>· Nº de persoas asistentes por acción</li> </ul>
AT2. Diseñar campañas de difusión dos ODS para a cidadanía no seu conxunto	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de campañas implementadas anualmente</li> <li>· Nº de persoas impactadas pola campaña</li> <li>· Materiais deseñados para cada campaña</li> <li>· ODS visibilizados en cada campaña</li> </ul>
AT3. Diseñar campañas de difusión dos ODS para a comunidade escolar do municipio en coordinación con outros actores (centro educativo, ANPA,...)	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de campañas implementadas por curso académico</li> <li>· Nº de persoas impactadas pola campaña</li> <li>· Materiais deseñados para cada campaña</li> <li>· ODS visibilizados en cada campaña</li> </ul>
AT4. Visibilizar os vínculos entre as diferentes accións municipais e os ODS, incluíndo a imaxe dos ODS correspondentes en cada proxecto ou servizo	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de accións con visibilidade de ODS</li> </ul>
AT5. Diseñar unha presentación xeral da Axenda 2030 para incluír en todas as actividades formativas e de sensibilización impulsadas polo Concello, logrando contextualizar a acción concreta no marco xeral dos ODS	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Nº de actividades que engaden unha presentación dos ODS</li> <li>· Nº de persoas participantes nestas actividades</li> </ul>
AT6. Engadir un apartado propio sobre a Axenda 2030 e os ODS na páxina web do Concello para difundir entre a cidadanía	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Visualizacións do apartado ODS na web</li> </ul>
AT7. Organizar un concurso anual de ideas sobre como acadar os ODS no local para a mocidade do municipio	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Material elaborado para o concurso</li> <li>· Nº de propostas presentadas</li> <li>· ODS incluídos nas propostas</li> </ul>

### 3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Unha das actuacións incluídas neste documento apunta directamente á implementación do proceso de seguimento do impacto do Plan Municipal dos ODS (actuación 49 incluída na medida 12 “Fomento dunha xestión pública local áxil e eficaz”).

O primeiro paso desta actuación correspóndese coa creación dunha comisión encargada do seguimento e avaliación do propio Plan de Acción. A recomendación neste punto pasa pola conformación dunha comisión mixta (con persoal técnico e político do Concello) e con participación tamén de entidades externas á institución con representatividade no municipio. Neste senso e atendendo á transversalidade e integralidade da Axenda 2030, é preciso que a comisión implique á totalidade de departamentos ou áreas do Concello para evitar a implementación non coordinada das accións. Cabe subliñar que para incentivar a participación do persoal nesta comisión, o tempo de traballo destinado a esta labor deberá computar dentro da xornada laboral das persoas que a integren.

Esta comisión debería reunirse non menos de seis veces ao ano para analizar o grao de cumprimento das actuacións propostas, ben sexa de xeito presencial ou virtual. Así mesmo, deberá presentar un estado de avances e retos ao equipo de goberno de xeito semestral. Nestas reunións semestrais poden aprobarse as medidas que se estimen oportunas para reconducir as actividades co fin de acadar os obxectivos establecidos. O presente plan entrará en vigor unha vez aprobado formalmente polo Pleno Municipal do Concello de San Sadurniño, estimando a data de inicio en outubro de 2021. Deste xeito a data orientativa da primeira reunión semestral é abril 2022.

Para facer máis doada esta labor, inclúese un modelo de ficha de seguimento para as actuacións recollidas no Plan de Acción (ver Anexo 1), a cal deberá ser cumprimentada por todo o persoal implicado na súa execución e remitida á Comisión nos prazos que se estimen oportunos.

En canto á avaliación, recoméndase unha intermedia tras o primeiro ano e medio de execución (abril - maio 2023) co propósito de verificar a adecuación dos obxectivos establecidos ás novas circunstancias que poidan xurdir.

Por último, precísase dunha avaliación final o primeiro trimestre de 2025 na que se analizará a consecución dos obxectivos a partires das memorias e informes de seguimento elaborados, a cal deberá servir de base para o deseño dos futuros plans de implementación dos ODS do Concello de San Sadurniño.

**ANEXO 1: MODELO DE FICHA DE SEGUIMIENTO**

<b>ÁREA:</b>
<b>OBXECTIVO:</b>
<b>MEDIDA:</b>
<b>ACTUACIÓN:</b>
<b>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA:</b>
<b>PERSOAS RESPONSABLES DA EXECUCIÓN:</b>
<b>INICIO:</b>
<b>FIN:</b>
<b>ORZAMENTO:</b>
<b>PERSOAS PARTICIPANTES:</b>
<b>DIFICULTADES ATOPADAS:</b>
<b>VALORACIÓN XERAL DA ACTUACIÓN:</b>
<b>FACTORES A TER EN CONTA PARA O FUTURO:</b>

Asdo.: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

## ANEXO 2: PARTICIPANTES DAS MESAS DE TRABALLO

Cabe mencionar un especial agradecemento ás persoas, e entidades representadas, que asistiron e participaron activamente nas mesas de traballo convocadas de xeito virtual para a realización deste plan.

### MESA DE TRABALLO SOCIAL

- ✓ *José Carlos Cobelo, Asociación Cultural “Cofradía de San Pipote”*
- ✓ *Montse Sande, Asociación Cultural Brío*
- ✓ *M<sup>a</sup> Esther Díaz, Asociación Cultural Recreativa Deportiva Santa Mariña do Monte*
- ✓ *Cristina Soto, Asociación de Veciños Xuntanza de Lamas*

### MESA DE TRABALLO ECONÓMICA-AMBIENTAL

- ✓ *Xosé María García, Asociación Agrocolóxica A Cortiña*
- ✓ *Luis Regueiro, AGFA do Eume*
- ✓ *Belén Trigo, Partido Popular de San Sadurniño*